


11 Economía, infraestruturas e sustentabilidade

O 22 de decembro de 2014 o Consello Social aprobou os orzamentos da Universidade da Coruña para o ano 2015. Están dispoñibles na web da Vicerreitoría de Economía, Infraestruturas e Sustentabilidade: http://www.udc.gal/export/sites/udc/goberno/_galeria_down/veis/documentos/doc201415/Orzamento_UDC_2015.pdf

O Plan operativo anual e o orzamento do exercicio 2015 desenvolven as Liñas xerais da programación plurianual e orzamentaria 2014-2015, publicadas na

mesma ligazón e aprobadas polo Claustro o 4 de decembro de 2013. O Plan operativo anual 2015 desenvolve o anterior documento a partir dunha información orzamentaria máis concreta para o exercicio, e acompaña o orzamento, fundamentando as actuacións programadas nel.

O orzamento da UDC para 2015 foi de 116,2 millóns de euros. Esta cantidade supón un incremento de 1,268 millóns, o que equivale a un incremento dun 1,1%.



Cadro 11.1 Evolución xeral do orzamento da UDC

A evolución, por capítulos, do orzamento 2015 resúmese no seguinte cadro:


Ingresos	2014	%	13/14	2015	%	14/15
Capítulo III: Taxas, prezos públicos e o. ingresos	14.950.900,00	13,0%	5,0%	14.872.900,00	12,8%	-0,5%
Capítulo IV: Transferencias correntes	82.312.831,83	71,6%	-3,4%	82.727.537,45	71,2%	0,5%
Capítulo V: Ingresos patrimoniais	460.000,00	0,4%	-5,5%	420.000,00	0,4%	-8,7%
Capítulo VII: Transferencias de capital	14.167.446,36	12,3%	-14,1%	15.900.847,60	13,7%	12,2%
Capítulo VIII: Activos financeiros	2.952.771,20	2,6%	-7,7%	2.270.800,97	2,0%	-23,1%
Capítulo IX: Pasivos financeiros	79.557,86	0,1%		0,00	0,0%	
Total orzamento de ingresos	114.923.507,25	100,0%	-3,9%	116.192.086,02	100,0%	1,1%

Gastos	2014	%	13/14	2015	%	14/15
Capítulo I: Gastos de persoal	83.871.898,07	73,0%	-4,3%	85.391.720,670	73,5%	1,8%
Capítulo II: Gastos correntes en bens e servizos	15.705.203,53	13,7%	-3,6%	14.969.574,50	12,9%	-4,7%
Capítulo III: Gastos financeiros	58.500,00	0,1%	-43,1%	58.500,00	0,2%	0,0%
Capítulo IV: Transferencias correntes	3.246.495,40	2,8%	5,7%	2.928.924,50	2,5%	-9,8%
Capítulo V: Fondo de continxencia	250.000,00	0,2%	0,0%	250.000,00	0,2%	0,0%
Capítulo VI: Investimentos reais	11.028.814,25	9,6%	-2,6%	11.843.366,35	10,2%	7,4%
Capítulo VII: Tranferencias de capital	1.270,00	0,0%	0,0%	0,00	0,0%	-100,0%
Capítulo VIII: Activos financeiros	11.670,00	0,0%	-72,3%	50.000,00	0,0%	328,4%
Capítulo IX: Pasivos financeiros	750.000,00	0,7%	-11,8%	700.000,00	0,6%	-6,7%
Total orzamento de gastos	114.923.507,25	100,0%	-3,9%	116.192.086,02	100,0%	1,1%

Cadro 11.2 Evolución do orzamento por capítulos

Segundo estes datos, os ingresos en 2015 pola matrícula xa deixarían de verse afectados pola adaptación das titulacións ao EEES, se ben temos que ter en conta a previsión demográfica á baixa na estimación

deste concepto. A composición porcentual dos ingresos comparada coa do exercicio anterior móstrase no seguinte gráfico:




Cadro 11.3 Composición dos ingresos do orzamento de 2015

As diferenzas entre os anos 2014 e 2015 que se observan entre os diferentes conceptos de gasto son escasas. O compoñente de financiamento máis importante corresponde ás achegas por transferencias corrientes, o que supón un 71,20% no ano 2015, fronte a un 71,62% no ano 2014. As taxas académicas supoñen un ingreso tamén importante, en concreto un 12,80%. Finalmente, as transferencias de capital alcanzan un 13,68% que se incrementan con respecto ao ano anterior un 12,2%, ao pasaren de 14.167.446,36 € a 15.900.847,60 €.

Polo que respecta aos gastos, o orzamento responde aos compromisos de mantemento de persoal e tra-

tamento preferente ás bolsas e axudas a estudantes, coa finalidade de minorar os efectos da redución de axudas públicas para acceso en igualdade de condicións á universidade. Igualmente, a porcentaxe do gasto de bens e servizos diminuíu preto dun 5% e o mesmo ocorreu coas transferencias corrientes, que baixaron case un 10%.

Hai un lixeiro repuntamento no investimento do 7,4%, ao pasar de 11.028.470,26 € no ano 2014 a 11.843.366,35 € no ano 2015. O seguinte gráfico mostra a evolución do orzamento das principais partidas de gasto:



Cadro 11.4 Composición dos gastos no orzamento de 2015

Liquidación do orzamento do exercicio 2014

A liquidación do orzamento do exercicio 2014 (http://www.udc.es/gobierno/equipo_reitoral/vice_planificacion_economica_e_infraestructuras/planificacion_economica/documentos/memorias_economicas.html)

aproboouse no Consello de Goberno, auditouse e, finalmente, foi aprobada polo Consello Social o 16 de decembro de 2015. A execución orzamentaria por capítulos foi a seguinte:

Capítulo	Orzamento	Liquidación
III. Tasas, prezos públicos e outros ingresos	14.950.900,00	15.794.818,67
IV. Transferencias correntes	82.312.831,83	84.901.493,63
V. Ingresos patrimoniais	460.000,00	502.075,00
VII. Transferencias de capital	14.167.446,36	23.831.135,35
VIII. Activos financeiros	2.952.771,20	21.258.931,15
IX. Pasivos financeiros	79.557,86	2.639.557,86
Total de ingresos	114.923.507,25	148.928.011,66
I. Gastos de persoal	83.871.898,07	84.861.747,58
II. Gastos correntes en bens e servizos	15.705.203,53	18.599.041,44
III. Gastos financeiros	58.500,00	59.074,81
IV. Transferencias correntes	3.246.495,40	5.321.709,20
V. Fondo de continxencia	250.000,00	47.788,63
VI. Investimentos reais	11.028.470,25	38.485.414,59
VII. Transferencias de capital	1.270,00	1.270,00
VIII. Activos financeiros	11.670,00	12.121,00
IX. Pasivos financeiros	750.000,00	1.539.844,41
Total de gastos	114.923.507,25	148.928.011,66

Cadro 11.5 Liquidación do orzamento do exercicio 2014

O resultado orzamentario de 2014, igual que ocorreu no ano 2013, volve ser negativo.


Neste último exercicio económico soportáronse tensións de liquidez moi importantes que fixeron que o remanente se vise afectado. Así, o remanente non

afectado, que ascendía a 2,8 millóns de euros, tívose que aplicar para compensar 2,27 millóns de €. Isto dá unha diferenza final de 495.032,05 €, que é o remanente líquido final do ano 2014 (0,5 millóns de € en cifra redondeada) e que pasará a ser os activos financeiros do orzamento do ano 2016.




Cadro 11.6 Saldo orzamentario/orzamento e remanente non afectado/orzamento

Esta situación ocasionou que o saldo medio de provedores a finais do exercicio de 2014 se incrementara con respecto a anos anteriores.



Cadro 11.7 Aplicación do remanente líquido



Cadro 11.8 Pagamentos pendentes a 31 de decembro

Infraestruturas

O orzamento destinado pola UDC ás infraestruturas continúa no contexto de contención e axuste dos exercicios pasados. Ademais, o control da execución orzamentaria fixo aumentar a contención do gasto asociado a infraestruturas arquitectónicas e urbanas. Neste contexto, as intervencións do Servizo de Arquitectura, Urbanismo e Equipamentos centráronse, como vén sendo común nos últimos anos, en tarefas de mantemento e reparación de edificios e do espazo público.

Como consecuencia da prórroga do convenio de infraestruturas asinado co Concello da Coruña, permitiuse a renovación tanto da bolsa de aparcadoiros anexos ao CITIC como ao ESCI.

A principal actuación acometeuse, froito das xestións iniciadas no ano 2014, a obra de reforma e ampliación do edificio CITEEC, adxudicada por 1.689.945,07 €, que a finais de ano superaba a metade da execución do contrato.

Medio Ambiente

As actividades da Oficina de Medio Ambiente da UDC poden consultarse en detalle na páxina web, no apartado da OMA (<http://www.udc.gal/lista.html?urlmenu=/sociedade/>).

1. Planificación

- Elaboración dun convenio e implantación do servizo de recollida de residuos de aparatos eléctricos e electrónicos /(RAEE) en varios centros da UDC.

- Implantación dun novo modelo de recollida de residuos de papel na ETSA e na EUAT.
- Desenvolvemento do programa Green Campus en cinco centros da UDC.

2. Actividades de voluntariado ambiental, conferencias e obradoiro, entre elas:

- O Proxecto Ríos: inspección e limpeza.
- Eliminación de especies invasoras no campus.

- Reforestación participativa.
- Limpeza de praias.
- Encontro solar.
- VI Feira da Sustentabilidade na UDC.

3. Campañas de xestión e proxectos sectoriais:

- Campaña Re_utilizando e obradoiro de reutilización de papel polas dúas caras.
- Auditorías de consumo de auga nos centros Green campus.
- Xestión do servizo de préstamo de bicicletas e actividades de formación.
- Xestión das exposicións sobre pegada ecolóxica e mobilidade.
- A compostaxe na UDC.
- Hortas urbanas.
- O Monte da Fraga.

Renovouse un ano máis o Préstamo de bicicletas (192 solicitudes en 2015), cunhas 100 unidades prestadas. O préstamo iniciouse o 7 de outubro con motivo da Semana da UDC Saudable, que se celebrou cun obradoiro sobre ergonomía no uso da bici, circulación segura e unha ruta guiada desde o campus de Elviña ao centro da cidade.

Consolidouse o funcionamento das hortas urbanas de Elviña, iniciado na primavera de 2013, e renováronse en 2015 o 50% das cesións a persoal e a maioría das cesións a estudantado, de acordo co previsto nas normas de uso e a casuística de cada sector. As parcelas entregáronse ás novas persoas usuarias o 8 de outubro, no marco da semana da UDC Saudable. A supervisión do espazo forestal recuperado do Monte da Fraga contou coa coordinación da profesora Elvira Sahuquillo.

O persoal bolseiro da OMA deulle continuidade ao proxecto de compostaxe dos residuos orgánicos nos tres centros en que xa estaba implantado (Facultade de Filoloxía (FF), a Escola Universitaria de Arquitectura Técnica (EUAT) e a Facultade de Ciencias (CC)). Iniciáronse dúas novas áreas de compostaxe experi-

mentais, unha na Facultade de Ciencias da Educación no campus de Elviña e outra na Facultade de Ciencias da Saúde no campus de Oza, con resultados moi positivos que levaron á súa consolidación e continuación de forma permanente. Así mesmo, as bolseiras e bolseiros participaron na caracterización de residuos dos diferentes centros Green Campus.

Green Campus

(http://www.udc.gal/sociedade/medio_ambiente/GreenCampus/)

A Universidade da Coruña asinou en febreiro de 2014 un convenio de colaboración coa Asociación de Educación Ambiental y del Consumidor (ADEAC), como membro da internacional Foundation for Environmental Education (FEE) para a implantación dos procedementos de xestión ecolóxica baixo a bandeira verde Green Campus. O programa Green Campus ten entre outros obxectivos os de acadar un uso eficaz da enerxía, a mobilidade sustentable ou a compra socialmente responsable cun menor impacto ecolóxico.

Na Universidade da Coruña, implantouse o programa Green Campus na ETS de Arquitectura, na EU de Arquitectura Técnica, na Facultade de Ciencias, na Facultade de Ciencias da Educación e na Facultade de Ciencias da Saúde. Nestes centros, o programa Green Campus implicou a creación dun comité ambiental do centro, a elaboración dunha ecoauditoría interna e dun plan de acción ambiental, traballos que se realizaron principalmente ao longo do ano 2015.

En xuño de 2015 tivo lugar o curso do Cufie, «Xestión ambiental (Green Campus) e sustentabilidade na UDC: propostas de actuación docentes e de investigación», que se centrou nos aspectos da ambientalización curricular e no que se presentaron os resultados xerais do programa nos diferentes centros. En novembro de 2015, a EUAT e a FCS recibiron o galardón Green Campus polo traballo desenvolvido nestes centros.